

A N E X O I

CERTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2021”

Don JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ GARCÍA
vicesecretario do Concello de Santiago de Compostela

C E R T I F I C A : Que a Xunta de Goberno Local deste concello, na sesión realizada o día 30/04/2021, adoptou o seguinte acordo:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2021”, “achega provincial 2020” e “préstamo provincial 2021”:

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a provedores	298.424,20 €	0,00 €	298.424,20 €
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Subtotal pago a provedores	298.424,20 €	0,00 €	298.424,20 €

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	220.277,57 €
Achega provincial 2020 (Excepción da Base 2.2 final)	0,00 €
Subtotal gasto corrente	220.277,57 €

Gasto asociado ao seguinte contrato:

- Contrato de roza, limpeza e mantemento de drenaxe de viais (CON/24/2018): 220.277,57 euros.

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2021	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Acondicionamento do Camiño de Fisterra en Vilariño de Abaixo (Quintáns – Vilvestro)	182.041,00 €	0,00 €	182.041,00 €
Mellora e acondicionamento do local sociocultural de Enfesta	78.622,86 €	0,00 €	78.622,86 €
Pavimentación conxunto parroquial de Grixoa	47.203,91 €	0,00 €	47.203,91 €
Subtotal investimentos achega provincial 2021	307.867,77 €	0,00 €	307.867,77 €

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Ampliación da plataforma do vial entre Cañoteira e Outeiro de Marrozos (2ª fase)	268.000,00 €	0,00 €	268.000,00 €
Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Vilvestro	63.326,80 €	0,00 €	63.326,80 €
Pavimentación Rúa Elena Quiroga A Barca e A Braña de Silvouta (Vilvestro)	54.814,21 €	0,00 €	54.814,21 €
Subtotal investimentos achega provincial 2020	386.141,01 €	0,00 €	386.141,01 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

D) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2021 aplicado á redución da débeda
	0,00 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	0,00 €

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2020	298.424,20 €		298.424,20 €
	Achega 2021	0,00 €		0,00 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2021	220.277,57 €		220.277,57 €
	Achega 2020 (Excep. Base 2.2)	0,00 €		0,00 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2021	307.867,77 €	0,00 €	307.867,77 €
	Achega 2020	386.141,01 €	0,00 €	386.141,01 €
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2021	0,00 €		0,00 €
TOTAL	Achega 2021	528.145,34 €	0,00 €	528.145,34 €
	Achega 2020	684.565,21 €	0,00 €	684.565,21 €
	Préstamo 2021	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	TOTAL	1.212.710,55 €	0,00 €	1.212.710,55 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Acondicionamento da antiga N-634 no núcleo de Lavacolla (Sabugueira)/Fase I	268.471,36 €
Acondicionamento da antiga N-634 no núcleo de Lavacolla (Sabugueira)/Fase II	382.734,05 €
Pavimentación de viais de acceso en Carlexo e A Gruñán (Vilvestro) e Outenín Laraño)	81.791,15 €
Pavimentación viarios interiores en Carlexo e ABraña de Silvouta (Vilvestro) e San Xordo e A Sionlla (Sabugueira)	104.103,98 €
TOTAIS	837.100,54 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

E para que así conste, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Alcaldía, en Santiago de Compostela, 30 de abril de dous mil vinte un.

V. pr.
A Alcaldía